

ENQUISA DE TURISMO DE RESIDENTES

Principais resultados para Galicia

Ano 2024

PRINCIPAIS NOTAS

Bo comportamento do turismo de ámbito nacional en Galicia neste ano 2024, superando tanto o número de viaxes realizadas polos españois na nosa comunidade -nun 2,8%, rexistrando máis de 10,1 millóns- coma o volume de pernoctacións -nun 10,1% neste caso, con 48,0 millóns- do pasado ano 2023. Esta dinámica positiva permite superar tamén o volume de noites previo á pandemia, de 2019, nun 18,6% grazas ao incremento da duración das viaxes pois o número de turistas fica en niveis moi parellos aos de hai cinco anos.

En realidade, a recuperación é máis positiva do lado da estadía media e, en consecuencia, do número de noites pois o volume de viaxes realizadas con destino Galicia fica en valores parellos aos de 2018 e 2019, e por debaixo da cifra de 2017. O valor máximo acadouse xustamente nese ano con preto de 10,3 millóns de turistas. Desde o lado das noites a perspectiva cambia pois neste caso Galicia, con 48,0 millóns, acada agora en 2024 un máximo da serie histórica. En termos absolutos supón a xeración de 4,4 millóns de novas pernoctacións respecto do valor do pasado ano.

Galicia é o quinto destino elixido polos españois na súa viaxe polo territorio nacional, absorbendo o 7,6% do total das pernoctacións estatais. Desde o punto de vista das noites lidera o mercado Andalucía –destino máis importante, que rexistra preto de 129 millóns de noites en 2024, o 20,3% do total realizado en España-. Seguen en orde de importancia a C. Valenciana –con 86,5 millóns de noites-, Cataluña –con 76,7 millóns de noites- e Castela e León –primeiro destino non mediterráneo que rexistra neste ano preto de 61 millóns de noites-. Estes catro destinos absorben algo máis da metade do mercado nacional neste ano 2024 -o 56% en particular-.

En termos dinámicos só cinco comunidades autónomas -entre as que se atopa Galicia- superan os niveis do pasado ano, con intensidade variable. Dúas mantéñense en niveis parellos -Madrid e Canarias- mentres que as dez restantes -a maioría neste caso- amosan descenso en termos interanuais -rexistrando A Ríoxa e Murcia as caídas máis moderadas e, en cambio, Asturias e Estremadura os descenso máis acusados.

Neste ano son algúns dos destinos localizados no norte e centro peninsular os que presentan mellor comportamento en termos relativos, rexistrando os incrementos de maior intensidade en relación ao pasado ano. En particular Navarra e Galicia lideran o ranking de variacións interanuais, superando nun 14% e 10%, respectivamente, o volume de noites do anterior 2023. Os restantes tres destinos amosan crecementos máis suaves, de entre o 3% e 5%.

Galicia colócase, por tanto, no grupo de destinos que melloran as cifras de 2023 e nunha posición alta. De feito é a segunda comunidade co crecemento máis elevado.


A duración media das viaxes con destino Galicia sitúase en 4,7 noites, cifra superior á do pasado ano 2023 -cando se situaba en 4,4 noites-. Neste punto Galicia sitúase nunha posición alta no conxunto do Estado pois rexistra a segunda cifra máis elevada de todas as comunidades autónomas. A C. Valenciana, con 4,8 noites de media, rexistra o valor máis alto neste ano 2024. Presentan tamén cifras importantes, despois da C. Valenciana e de Galicia, Baleares, Estremadura e Cantabria. No lado contrario, a cifra máis baixa localízase en Madrid, cunha media de 2,8 noites.

Oito destinos conseguen superar a duración media das viaxes do pasado ano 2023 rexistrando as subas de maior intensidade Aragón e Galicia -do 14% e 7% interanual, respectivamente-. Cataluña mantense en cifras parellas mentres que as restantes comunidades presentan caídas de diversa intensidade -máis acusadas en Asturias, cun 9% interanual-.


PRINCIPAIS INDICADORES 2024



Turistas Nacionais en Galicia. Período 2016-24



Peso dos mercados interno e receptor. Período 2016-24



Turistas

162,8 mill.

CCAADestino	PCT_España
Andalucía	19,4 %
Cataluña	14,1 %
C. Valenciana	11,0 %
Castilla y León	9,1 %
Madrid	7,8 %
Castilla - La Mancha	6,7 %
Galicia	6,2 %
Canarias	4,2 %
Aragón	4,1 %
Asturias	2,7 %
Extremadura	2,6 %
País Vasco	2,5 %
Cantabria	2,5 %
Murcia	2,3 %
Baleares	1,9 %
Navarra	1,5 %
Rioja, La	1,1 %

Noites

634,3 mill.

CCAADestino	PCN_España
Andalucía	20,3 %
C. Valenciana	13,6 %
Cataluña	12,1 %
Castilla y León	9,6 %
Galicia	7,6 %
Madrid	5,6 %
Castilla - La Mancha	5,4 %
Canarias	4,3 %
Aragón	4,0 %
Asturias	2,9 %
Extremadura	2,8 %
Cantabria	2,7 %
Murcia	2,4 %
País Vasco	2,3 %
Baleares	2,3 %
Navarra	1,2 %
Rioja, La	0,9 %

Duración viaxe

3,90

CCAADestino	EM_España
C. Valenciana	4,82
Galicia	4,75
Baleares	4,64
Extremadura	4,20
Cantabria	4,20
Asturias	4,16
Castilla y León	4,10
Andalucía	4,07
Murcia	4,04
Canarias	4,00
Aragón	3,79
País Vasco	3,52
Cataluña	3,33
Rioja, La	3,13
Castilla - La Mancha	3,13
Navarra	3,13
Madrid	2,80

Gasto Total

40,4 mil M€

CCAADestino	PCG_España
Andalucía	20,7 %
Cataluña	12,7 %
C. Valenciana	11,6 %
Madrid	8,6 %
Castilla y León	7,1 %
Galicia	6,9 %
Canarias	6,1 %
Castilla - La Mancha	4,2 %
Aragón	3,8 %
Baleares	3,6 %
Asturias	3,1 %
País Vasco	2,9 %
Cantabria	2,4 %
Extremadura	2,2 %
Murcia	1,9 %
Navarra	1,3 %
Rioja, La	0,8 %

Gasto Medio Diario

63,7 €

CCAADestino	GMD_España
Baleares	99,6 €
Madrid	97,8 €
Canarias	90,8 €
País Vasco	80,7 €
Navarra	69,6 €
Asturias	67,7 €
Cataluña	66,7 €
Andalucía	64,9 €
Aragón	59,5 €
Galicia	57,9 €
Rioja, La	57,7 €
Cantabria	57,3 €
C. Valenciana	54,1 €
Murcia	51,4 €
Extremadura	51,3 €
Castilla - La Mancha	49,5 €
Castilla y León	47,4 €

VARIACIÓN INTERANUAL 2024/23: RANKING DESTINOS

Turistas

-2,3 %

CCAA	Destino	VarT_España 24/23
	Navarra	11,6 %
	Madrid	6,8 %
	Rioja, La	6,3 %
	País Vasco	6,2 %
	Galicia	2,8 %
	Castilla - La Mancha	0,3 %
	Andalucía	-0,5 %
	C. Valenciana	-2,9 %
	Cataluña	-3,1 %
	Canarias	-4,2 %
	Cantabria	-4,3 %
	Murcia	-5,2 %
	Asturias	-7,0 %
	Aragón	-8,2 %
	Castilla y León	-9,3 %
	Extremadura	-10,7 %
	Baleares	-13,5 %

Noites

-1,5 %

CCAA	Destino	VarN_España 24/23
	Navarra	14,3 %
	Galicia	10,1 %
	Aragón	5,2 %
	C. Valenciana	3,6 %
	País Vasco	3,1 %
	Madrid	-0,2 %
	Canarias	-0,8 %
	Rioja, La	-1,5 %
	Murcia	-1,9 %
	Andalucía	-2,1 %
	Cataluña	-3,0 %
	Castilla y León	-3,4 %
	Castilla - La Mancha	-5,1 %
	Cantabria	-8,0 %
	Baleares	-10,0 %
	Asturias	-15,5 %
	Extremadura	-16,1 %

Duración viaxe

0,8 %

CCAA	Destino	VarEM_España 24/23
	Aragón	14,5 %
	Galicia	7,1 %
	C. Valenciana	6,7 %
	Castilla y León	6,5 %
	Baleares	4,0 %
	Canarias	3,6 %
	Murcia	3,6 %
	Navarra	2,5 %
	Cataluña	0,2 %
	Andalucía	-1,6 %
	País Vasco	-2,9 %
	Cantabria	-3,9 %
	Castilla - La Mancha	-5,4 %
	Extremadura	-6,1 %
	Madrid	-6,6 %
	Rioja, La	-7,4 %
	Asturias	-9,1 %

Gasto Total

1,8 %

CCAA	Destino	VarG_España 24/23
	Navarra	27,6 %
	Galicia	9,2 %
	Aragón	6,8 %
	Rioja, La	4,8 %
	País Vasco	4,6 %
	Castilla - La Mancha	4,3 %
	Madrid	4,2 %
	C. Valenciana	3,6 %
	Andalucía	2,2 %
	Canarias	0,4 %
	Murcia	-1,2 %
	Castilla y León	-1,6 %
	Cataluña	-1,9 %
	Baleares	-2,5 %
	Asturias	-3,3 %
	Extremadura	-7,4 %
	Cantabria	-7,7 %

Gasto Medio Diario

3,3 %

CCAA	Destino	VarGMD_España 24/23
	Asturias	14,5 %
	Navarra	11,6 %
	Extremadura	10,3 %
	Castilla - La Mancha	9,9 %
	Baleares	8,3 %
	Rioja, La	6,4 %
	Madrid	4,5 %
	Andalucía	4,5 %
	Castilla y León	1,9 %
	Aragón	1,5 %
	País Vasco	1,5 %
	Canarias	1,2 %
	Cataluña	1,1 %
	Murcia	0,7 %
	Cantabria	0,3 %
	C. Valenciana	-0,0 %
	Galicia	-0,9 %

SEGMENTOS TURÍSTICOS

O 61,7% das viaxes corresponden ao turismo interno, isto é, aos residentes en Galicia que viaxaron pola propia comunidade. O 38,3% restante corresponde, por tanto, ás viaxes dos residentes no resto de España que veñen á nosa comunidade.

Ambos segmentos presentan unha duración media diferente. O viaxeiro interno fica de media 3,0 noites mentres que o nacional –que vén de fóra de Galicia- permanece 7,6 noites de media. Esta notable diferenza supón que o peso de ambos segmentos de mercado medido polo número de noites sexa diferente. Neste sentido o 39% das pernoctacións corresponden ao mercado interno mentres que o 61% son do mercado receptor nacional.

O comportamento de ambos segmentos é parello neste 2024. Os dous superan os niveis de demanda do pasado ano, nun 13,2% o interno -dos residentes en Galicia- e nun 8,3% o receptor nacional -españóis que proceden doutras comunidades autónomas-, porcentaxes referidas ás pernoctacións e que responden a dinámicas diferentes. O crecemento do mercado interno vén como consecuencia de combinar un incremento da cifra de turistas residentes cunha mellora da duración da viaxe. No caso do mercado receptor nacional o bo comportamento da demanda reside unicamente no ámbito da duración da viaxe pois a cifra de turistas españois de fóra de Galicia mantense estable en comparación cos niveis do pasado ano.

Logo de Galicia sitúanse como principais mercados emisores á nosa comunidade Madrid -representa o 21% do total das noites-, Cataluña -co 9%-, Andalucía -con algo máis do 5%- e o País Vasco e Castela e León -ambas no contorno do 4,5% do total-.

O 35% das noites realízanse en aloxamento de mercado –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, vivendas de aluguer, cámping, etc- mentres que o 65% corresponde a aloxamentos “non de mercado” –segunda residencia, casa de familiares e/ou amigos, etc-. Así pois, seis de cada dez noites turísticas realizadas polos españois en Galicia durante o ano 2024 corresponde a aloxamentos fóra do mercado.

Ambos segmentos presentan un comportamento dispar neste ano. O nivel de demanda no aloxamento de mercado descende en relación ao pasado ano -nun 5,6%- rexistrando algo máis de 16,5 millóns de noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica -só por detrás do valor acadado xustamente en 2023-. O segmento que opta por aloxamentos “non de mercado” presenta, en cambio, unha dinámica positiva, incrementando o volume de noites nun 20,7% en comparación co dato do ano anterior. Esta suba coloca o nivel final deste segmento en máximos da serie histórica.

Dentro do aloxamento de mercado destaca o uso de dúas tipoloxías en concreto: a vivenda completa en aluguer, que inclúe aos apartamentos turísticos e as vivendas de uso turístico -representan o 13,8% do total das noites- e o hotel e apartahotel -absorben neste caso o 12,1%-. No lado do aloxamento fóra de mercado destacan as vivendas de familiares e/ou amigos, modalidade que supón o 41,7% das noites -é a tipoloxía de maior volume e peso en Galicia-. Un 21% das noites corresponden a segunda residencia.

O 46% das viaxes a Galicia realízanse por ocio e/ou vacacións, segmento maioritario na comunidade -dentro deste grupo destacan as viaxes para asistencia a feiras e festas, o turismo de sol e praia, o cultural e o de natureza-. O 38% viaxa á comunidade para visitar a familiares e/ou amigos, ficando a porcentaxe restante en viaxes de negocios -o 7,8%- e outros motivos -o 8,0% neste caso-.

O principal segmento -o vacacional-, xunto co grupo que aglutina o "resto de motivos", superan os niveis do pasado ano -nun 6% o primeiro e nun 27% o segundo- mentres que os dous restantes fican por debaixo dos valores do pasado ano. Neste 2024, igual que en 2023, claramente é o segmento de ocio/vacacións o que tivo mellor comportamento na nosa comunidade.

O mercado interno viaxa por Galicia principalmente para visitar a familiares/amigos -o 42%- aínda que tamén unha porcentaxe importante faino por vacacións e ocio -o 41% neste caso-. Aquel que provén de fóra da comunidade ten un perfil máis vacacional -o 53% visita a comunidade por este motivo-, quedando a porcentaxe restante repartida en visita a familiares/amigos, co 32%, e as viaxes de negocios, co 8% neste caso.

Turistas

10,11 mill.

CCAA	PCT_Galicia
Galicia	61,7 %
Madrid	11,6 %
Castilla y León	4,8 %
Cataluña	4,0 %
Asturias	3,8 %
Andalucía	3,0 %
País Vasco	2,5 %
C. Valenciana	2,3 %
Canarias	1,7 %
Castilla - La Mancha	1,1 %
Baleares	0,7 %
Murcia	0,6 %
Cantabria	0,6 %
Extremadura	0,5 %
Aragón	0,3 %
Navarra	0,3 %
Rioja, La	0,3 %

Noites

48,00 mill.

CCAA	PCN_Galicia
Galicia	38,9 %
Madrid	20,9 %
Cataluña	9,2 %
Andalucía	5,3 %
País Vasco	4,5 %
Castilla y León	4,2 %
Canarias	4,1 %
C. Valenciana	3,0 %
Asturias	2,9 %
Murcia	1,5 %
Castilla - La Mancha	1,3 %
Baleares	1,0 %
Extremadura	0,8 %
Navarra	0,8 %
Aragón	0,6 %
Cantabria	0,5 %
Rioja, La	0,5 %

Duración viaxe

4,75

CCAA	EM_Galicia
Canarias	11,66
Murcia	11,01
Cataluña	10,82
Navarra	10,71
Madrid	8,55
País Vasco	8,47
Andalucía	8,47
Aragón	7,77
Extremadura	7,17
Baleares	6,89
Rioja, La	6,70
C. Valenciana	6,18
Castilla - La Mancha	5,68
Cantabria	4,31
Castilla y León	4,14
Asturias	3,56
Galicia	3,00

Gasto Total

2,78 mil M€


CCAA	PCG_Galicia
Galicia	28,4 %
Madrid	21,3 %
Cataluña	9,0 %
Andalucía	8,0 %
Castilla y León	5,5 %
C. Valenciana	5,3 %
Canarias	4,8 %
País Vasco	4,6 %
Asturias	3,7 %
Castilla - La Mancha	2,2 %
Murcia	1,7 %
Baleares	1,4 %
Extremadura	1,0 %
Navarra	0,8 %
Aragón	0,8 %
Cantabria	0,8 %
Rioja, La	0,6 %

Gasto Medio Diario

57,9 €

CCAA	GMD_Galicia
C. Valenciana	102,3 €
Castilla - La Mancha	97,5 €
Andalucía	86,8 €
Cantabria	83,6 €
Aragón	79,4 €
Baleares	77,6 €
Rioja, La	76,2 €
Castilla y León	76,2 €
Asturias	75,1 €
Extremadura	73,4 €
Canarias	67,8 €
Murcia	66,0 €
Navarra	64,8 €
Madrid	59,2 €
País Vasco	58,5 €
Cataluña	56,5 €
Galicia	42,2 €

Tipo de aloxamento




Aloxamento "De mercado"

Aloxamento	NoitesGalicia	PCN_Galicia
Vivenda completa en aluguer (inclúe apartamentos turísticos)	6.646.944,52	13,8 %
Hotel ou apartahotel	5.799.442,39	12,1 %
Aloxamento turismo rural	1.112.986,26	2,3 %
Pensión, hostel, motel, fonda, casa de hóspedes	944.624,39	2,0 %
Outros aloxamentos de mercado	779.426,05	1,6 %
Camping	615.388,73	1,3 %
Albergue	509.492,72	1,1 %
Habitación en aluguer en vivenda particular	131.627,47	0,3 %
Total	16.539.932,53	34,5 %

Aloxamento "Non de mercado"

Aloxamento	NoitesGalicia	PCN_Galicia
Vivendas de familiares, amigos ou empresa cedidas gratuitamente	19.992.273,87	41,7 %
Vivenda en propiedade	10.130.027,12	21,1 %
Outros aloxamentos non de mercado	1.334.378,15	2,8 %
Total	31.456.679,14	65,5 %

Evolución da demanda segundo o tipo de aloxamento



Var. Noites 24/23

De mercado

- 5,6 %

Non de mercado


20,7 %

Ano

2024

MOTIVO PRINCIPAL DA VIAXE A GALICIA


Principais motivos da viaxe a Galicia



Ocio, recreo e vacacións Visitas a familiares ou ami... Outros motivos Negocios e outros m...

MotivoAgregado	Motivo	TuristasGalicia	PCT_Galicia
Ocio, recreo e vacacións	Outro tipo de turismo e de ocio (asistencia a feiras como particular, festas patronais, ...)	2.124.648	21,0 %
Ocio, recreo e vacacións	Turismo cultural	722.263	7,1 %
Ocio, recreo e vacacións	Turismo de natureza	471.957	4,7 %
Ocio, recreo e vacacións	Turismo de sol e praia	890.278	8,8 %
Ocio, recreo e vacacións	Turismo deportivo	128.548	1,3 %
Ocio, recreo e vacacións	Turismo gastronómico	162.818	1,6 %
Ocio, recreo e vacacións	Turismo termal e de benestar (relax, beleza, desintoxicación, ...)	152.362	1,5 %
Visitas a familiares ou amigos	Visitas a familiares ou amigos (vodas, funerais, reunións con amigos, ...)	3.857.327	38,2 %
Negocios e outros motivos profesionais	Congresos, feiras e convencións	58.687	0,6 %
Negocios e outros motivos profesionais	Desprazamento ao centro de traballo	415.561	4,1 %
Negocios e outros motivos profesionais	Outros motivos profesionais (asistencia a reunións, ...)	315.634	3,1 %
Outros motivos	Motivos relixiosos ou peregrinacións	115.844	1,1 %
Outros motivos	Outros motivos de educación e formación	30.301	0,3 %
Outros motivos	Outros motivos persoais	545.236	5,4 %
Outros motivos	Tratamento de saúde (tratamento con prescrición médica, operacións, ...)	116.939	1,2 %
Outros motivos	Turismo de compras	578	0,0 %
Total		10.108.980	100,0 %

Evolución das viaxes segundo motivo principal



Var. Turistas 24/23

Vacacións / Ocio

6,0 %

Visita fam/amigos

-2,7 %

Negocios

-6,0 %

Outros motivos

26,6 %

GASTO TURÍSTICO

O gasto total realizado polos turistas españois en Galicia ascende a preto de 2.800 millóns de euros, cifra que supera nun 9% o dato do pasado ano e nun 50% o nivel acadado en 2019.

Neste punto Galicia sitúase como a sexta comunidade máis importante en volume de gasto total, absorbendo o 6,9% do total realizado polos españois. Lideran este ranking Andalucía, Cataluña e a C. Valenciana -só estas tres representan o 45% do total do gasto realizado polos españois neste ano-.

O 28% do gasto total corresponde ao turismo interno, dos residentes en Galicia, mentres que a porcentaxe restante -o 72%- é efectuado polo turismo receptor nacional.

O gasto medio diario por persoa en Galicia sitúase en 57,9 euros, cifra que en sentido estrito mantense en niveis parellos aos do pasado ano -a variación é inferior ao 1% interanual-. Desta maneira, o dato deste 2024 mantense por terceiro ano consecutivo por encima dos 55 euros de gasto medio por persoa e día, consolidándose en valores próximos ao máximo da serie histórica acadado en 2023.

Este dato varía en función do segmento de referencia. Así, o gasto medio diario por persoa é superior para o turista que se aloxa nalgunha modalidade “de mercado” –con 102,6 euros de media- fronte ao que opta por alternativas “fóra de mercado” –con 34,4 euros neste caso-.

Cambia tamén en función da procedencia. Así o gasto medio diario do turista interno sitúase en 42,2 euros mentres que o turista nacional que procede de fóra de Galicia gasta de media por día 67,9 euros.

Baleares é o destino nacional que presenta maior cifra de gasto medio diario do turista español. Con 99,6 euros por persoa e día lidera o ranking neste ano. Seguen en orde de importancia Madrid -con 97,8 euros- e Canarias -con 90,8 euros neste caso-. No lado contrario sitúanse Castela e León e Castela A Mancha -ambas cun gasto medio por persoa e día inferior aos 50 euros-.


Un 88% dos turistas residentes en Galicia xa viaxaron pola nosa comunidade nalgunha vez anterior a 2023. Tan só o 11% fíxoo por vez primeira neste ano. En cambio, o turista español que vén de fóra da comunidade ten un grao de fidelidade loxicamente inferior aínda que tamén importante. O 54% xa visitara Galicia nalgunha ocasión anteriormente mentres que o 42% viaxou á nosa comunidade por vez primeira agora en 2024.

O nivel de satisfacción global coa viaxe a Galicia é notable pois nunha escala de 0 a 10 os turistas valoran a visita á nosa comunidade cun 8,9 de media agora en 2024. Con esta nota Galicia colócase como o destino mellor valorado de España, por diante das restantes comunidades autónomas entre as que destacan Asturias e Andalucía -cunha valoración parella e moi próxima á da nosa comunidade pois ambas puntúan cun 8,88-. As diferenzas entre comunidades son moi pequenas e de feito aquelas que presentan unha peor valoración puntúan cun 8,7 -caso de A Ríoxa e Castela e León-.

A valoración de Galicia é elevada en practicamente todos os segmentos analizados, destacando a puntuación asignada no ámbito do turismo de natureza, sol e praia, cultural e gastronómico.

GASTO TURÍSTICO

Gasto Total en Galicia. Período 2016-24




Gasto Total 24

2.779,65 mill.€


Gasto Medio Diario 24

57,9 €


Gasto Medio Diario en Galicia. Período 2016-24




Gasto Medio Diario en Galicia. Período 2016-24



Visitou Galicia con anterioridade?



Visitou Galicia anteriormente, por mercado de orixe



Valoración media da viaxe a Galicia

8,89

CCAADestino	Satisf_TEspaña
Galicia	8,89
Asturias	8,88
Andalucía	8,88
Castilla - La Mancha	8,85
Extremadura	8,85
Canarias	8,84
Cataluña	8,83
País Vasco	8,83
Murcia	8,83
Cantabria	8,82
Navarra	8,82
Aragón	8,81
Madrid	8,81
C. Valenciana	8,80
Baleares	8,80
Castilla y León	8,77
Rioja, La	8,73

Valoración media da viaxe a Galicia, por mercados. Período 2016-24

